

## ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en substitución de ordinaria de agosto, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**13 de setembro de 2024**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e sete minutos do día trece de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. Belén Cachafeiro Anta (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D<sup>a</sup>. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8249.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/7aklnWlaU24N31MoUDnr5NiKk8IxsVqAIvFuFsE7b9XHiBUR>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 26 de xullo.

a) Parte resolutiva:

2.8250.- **ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2024059627-2024049145-2024018619-2023001036)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/TaLwXK3rTaPTBw1vytzmqlq8KnKRr8UJmZDTEWotaPQmAdIS>

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que na actualidade, unha parte da conservación e mantemento da rede de estradas da Deputación de Pontevedra lévase a cabo por medio de persoal funcionario e laboral con medios da propia Deputación, o que propicia en certas ocasións algunhas deficiencias no servizo debido á insuficiencia na actual dotación de medios, o incremento das necesidades das



estradas e a maior demanda do usuario en canto ás prestacións que deben reunir este tipo de infraestruturas.

Resultando.- Que nos últimos anos, dado que a dotación orzamentaria de medios humanos non cubría as necesidades de conservación nas estradas provinciais, a Deputación de Pontevedra decide iniciar unha transformación do servizo de conservación e mantemento das estradas provinciais, optando por contratos de apoio á conservación e mantemento que permitan resolver os problemas de flexibilidade e falta de recursos e buscar unha maior especialización.

Resultando.- Que actualmente, os contratos de conservación en vigor para a conservación e mantemento da rede de estradas da Deputación de Pontevedra son: Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra, Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra e Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que nesta liña, dado que os medios propios son cada vez máis insuficientes para as necesidades requiridas, faise necesario contratar un servizo de conservación integral da rede viaria, que se dividirá en tres lotes, un por cada zona na que se atopa dividida a rede de estradas a efectos de conservación e mantemento, Norte, Centro e Sur.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: JSGWF2RJMK1ZGN0E, solicitando iniciar a tramitación do expediente de contratación para a contratación do “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que se propón a seguinte división por motivos funcionais, xa que toda a conservación de estradas está organizada en 3 zonas, Norte, Centro e Sur, optimizando así tamén tanto os recursos humanos (Enxeñeiro de Zona, Coordinador de Brigadas, Vixiantes e Brigadas) como os contratos necesarios (seguridade e saúde, control de calidade, etc.). sendo a distribución dos lotes e dos seus importes anuais, os seguintes:



Número	Denominación	CPV	IMPORTE
1	Norte (Zonas 3,7 e 9)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos	13.920.009,00 €
2	Centro (Zonas 1,2 e 4)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos	13.013.475,68 €
3	Sur (Zonas 5 e 8)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos	11.938.635,90 €

Resultando.- Que segundo se recolle no PCAP, prevese que este contrato terá unha duración de catro anos, podendo prorrogarse unha única vez, por un período de un ano.

Resultando.- Que a financiación deste contrato, estimando como data de inicio do mesmo do día 01/11/2024 queda distribuída por anualidades da seguinte forma:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	Importe total (IVE incluído)
2024	456.4530.210.00	580.000,38 €	542.228,16 €	497.443,16 €	1.619.671,70 €
2025	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2026	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2027	456.4530.210.00	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €	9.718.030,14 €
2028	456.4530.210.00	2.900.001,87 €	2.711.140,76 €	2.487.215,81 €	8.098.358,44 €
<b>TOTAL:</b>		13.920.009,00 €	13.013.475,68 €	11.938.635,88 €	<b>38.872.120,56 €</b>

Sendo os valores estimados dos lotes os seguintes:

	Lote 1	Lote 2	Lote 3	TOTAL
VALOR ESTIMADO	14.380.174,59 €	13.443.673,24 €	12.333.301,54 €	40.157.149,37 €

Resultando.- Que consta no expediente informe da Intervención con CSV: KVHC3TUXC1ZJJGPM, no que se recolle que na aplicación orzamentaria



24/456.4530.210.00 existe crédito autorizado no vixente orzamento provincial para os tres lotes.

Resultando.- Que consta no expediente memoria xustificativa emitida polo Xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación con procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto recollido no artigo 131.2 da LCSP.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 2 de abril de 2024 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra" cun orzamento base de licitación de 38.872.120,58 € con IVE. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de abril de 2024, aparecendo publicado o día 5 de abril de 2024 (Anuncio de licitación OJ S 68/2024 199968-2024). Así mesmo, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de abril de 2024. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 09/05/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra".

As empresas admitidas foron as seguintes:

EMPRESAS LICITADORAS	LOTES NOS QUE PARTICIPA
ACEINSA MOVILIDAD S.A.	1,2,3
Alvac SA (Delegación Galicia)	1
Civis Global, S.L.U.	1,2,3
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	1,2,3
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU	1,2,3
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	1,2,3
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,	2



EMPRESAS LICITADORAS	LOTES NOS QUE PARTICIPA
S.L.	
UTE ACCIONA - Const Leonardo Miguélez	1,2,3
UTE API MOVILIDAD - CONST E C CASAS	1,3
UTE AUDECA - NAROM	1,2,3
UTE CONST. FECHI - MATINSA	1,2,3
UTE COPASA - ORESA	1,2,3
UTE EXTRACO - XÉRMOLO	1
UTE FRANCISCO GOMEZ - XAC	1
UTE MISTURAS - XÉRMOLO	2,3
UTE OPAIN - AQUATERRA	1,2,3

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación deste Servizo.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres "B", aos técnicos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 17 de xuño de 2024, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores os lotes número 1 (zona norte), número 2 (zona centro) e número 3 (zona sur) figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

<b>LOTE 1 (ZONA NORTE)</b>			
LICITADORES	RACIONALIDADE, ADECUACIÓN E VIABILIDADE	CALIDADE DA METODO-LOXÍA PROPOSTA	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
ALVAC, S.A.	16,00	13,00	29,00
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	13,00	18,00	31,00



<b>LOTE 1 (ZONA NORTE)</b>			
<b>LICITADORES</b>	<b>RACIONALIDADE, ADECUACIÓN E VIABILIDADE</b>	<b>CALIDADE DA METODO- LOXÍA PROPOSTA</b>	<b>PUNUA- CIÓN SOBRE "B"</b>
CIVIS GLOBAL, S.L.	14,00	29,00	43,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	16,00	29,00	45,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,00	27,00	43,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	16,00	15,00	31,00
UTE EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.-XERMOLO, S.A.	16,00	18,00	34,00
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	4,00	21,00	25,00
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	8,00	19,00	27,00
UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.-FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	13,00	21,00	34,00
UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM- S.L.	14,00	22,00	36,00
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	12,00	18,00	30,00
UTE API MOVILIDAD, S.A.- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	8,00	27,00	35,00
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	10,00	17,00	27,00



<b>LOTE 2 (ZONA CENTRO)</b>			
<b>LICITADORES</b>	<b>RACIONALIDADE, ADECUACIÓN E VIABILIDADE</b>	<b>CALIDADE DA METODO- LOXÍA PROPOSTA</b>	<b>PUNUA- CIÓN SOBRE "B"</b>
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	13,00	18,00	31,00
CIVIS GLOBAL, S.L.	14,00	29,00	43,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	16,00	29,00	45,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,00	27,00	43,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	4,00	15,00	19,00
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	4,00	21,00	25,00
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	8,00	19,00	27,00
UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM- S.L.	12,00	22,00	34,00
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	12,00	18,00	30,00
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	10,00	17,00	27,00
UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.-XERMOLO, S.A.	16,00	18,00	34,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	6,00	19,00	25,00





<b>LOTE 3 (ZONA SUR)</b>			
<b>LICITADORES</b>	<b>RACIONALIDADE, ADECUACIÓN E VIABILIDADE</b>	<b>CALIDADE DA METODO- LOXÍA PROPOSTA</b>	<b>PUNUA- CIÓN SOBRE "B"</b>
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	13,00	18,00	31,00
CIVIS GLOBAL, S.L.	14,00	29,00	43,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	16,00	29,00	45,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,00	27,00	43,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	16,00	15,00	31,00
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	4,00	21,00	25,00
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	8,00	19,00	27,00
UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM- S.L.	12,00	22,00	34,00
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	12,00	18,00	30,00
UTE API MOVILIDAD, S.A.- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	8,00	27,00	35,00
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	10,00	17,00	27,00
UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.-XERMOLO, S.A.	16,00	18,00	34,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/06/2024 en base ós informes emitidos polo Xefe dos Servizos Técnicos de



Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 17 de xuño de 2024, valorando a documentación técnica presentada polos licitadores os lotes número 1 (zona norte), número 2 (zona centro) e número 3 (zona sur), acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas nos lotes número 1 (zona norte), número 2 (zona centro) e número 3 (zona sur) do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra".

Tamén acordou que non se efectuara a apertura da oferta presentada no sobre "C" do lote número 2 (zona centro) pola empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., por non alcanzar na valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do sobre "B" a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22,50 puntos), de conformidade co establecido na cláusulas 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

Resultando.-Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica sobres "C" correspondente á documentación avaliábeis mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación deste servizo. Os valores ofertados foron os seguintes:

<b>LOTE 1 (ZONA NORTE)</b>		
<b>LICITADORES</b>	<b>SOBRE C</b>	
	<b>OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>MELLORAS</b>
ALVAC, S.A.	8.500.408,80 €	SI
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	7.809.010,01 €	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.	7.696.269,44 €	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	9.429.943,29 €	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	9.318.353,13 €	SI



<b>LOTE 1 (ZONA NORTE)</b>		
LICITADORES	SOBRE C	
	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	8.300.000,00 €	SI
UTE EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.- XERMOLO, S.A.	8.995.086,00 €	SI
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.-AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	8.548.726,19 €	SI
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.-CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	9.412.687,08 €	SI
UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	8.055.350,00 €	SI
UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L.	7.459.284,16 €	SI
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	8.148.382,13 €	SI
UTE API MOVILIDAD, S.A.-CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	8.250.768,97 €	SI
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	8.563.682,00 €	SI

<b>LOTE 2 (ZONA CENTRO)</b>		
LICITADORES	SOBRE C	
	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	7.395.095,77 €	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.	6.904.670,57 €	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	9.141.697,80 €	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	8.173.753,33 €	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	EXCLUIDA	



LOTE 2 (ZONA CENTRO)		
LICITADORES	SOBRE C	
	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.-AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	8.293.133,14 €	SI
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.-CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	8.474.891,61 €	SI
UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L.	7.085.353,54 €	SI
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	7.805.934,43 €	SI
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	8.115.676,66 €	SI
UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.-XERMOLO, S.A.	8.417.890,00 €	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	9.437.458,60 €	SI

LOTE 3 (ZONA SUR)		
LICITADORES	SOBRE C	
	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	6.876.092,32 €	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.	6.433.050,08 €	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	8.231.738,78 €	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	7.695.980,16 €	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	7.430.000,00 €	SI
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.-AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	7.558.833,85 €	SI



LOTE 3 (ZONA SUR)		
LICITADORES	SOBRE C	
	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.-CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	7.488.780,69 €	SI
UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L.	6.263.343,85 €	SI
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	7.442.407,48 €	SI
UTE API MOVILIDAD, S.A.-CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	7.574.620,47 €	SI
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	7.244.088,00 €	SI
UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.-XERMOLO, S.A.	8.133.072,00 €	SI

Resultando.- Que a continuación procédese a examinar ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CIVIS GLOBAL, S.L., para o lote número 2 (zona centro) e pola UTE. AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L., para o lote número 3 (zona sur), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, CIVIS GLOBAL, S.L., para o lote número 2 (zona centro) e pola UTE. AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L., para o lote número 3 (zona sur), non xustificaron a súa oferta económica, ratificándose na oferta presentada., emitindo o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, os respectivos informes,



recollendo neles, que CIVIS GLOBAL, S.L., para o lote número 2 (zona centro) e pola UTE. AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L., NON xustifican de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada polas mesmas, e NON deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/07/2024, procedeu a efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LOTE 1 (ZONA NORTE)			
LICITADORES	SOBRE "C"		PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	MELLORAS	
ALVAC, S.A.	37,54	5,00	42,54
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	45,82	5,00	50,82
CIVIS GLOBAL, S.L.	47,17	5,00	52,17
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,92	5,00	30,92
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	27,32	5,00	32,32
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	39,95	5,00	44,95
EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.	31,36	5,00	36,36
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	36,94	5,00	41,94
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.-CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	26,14	5,00	31,14



LOTE 1 (ZONA NORTE)			
LICITADORES	SOBRE"C"		PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	MELLORAS	
UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	42,88	5,00	47,88
UTE AUDECA, S.L.U.- NAROM-S.L.	50,00	5,00	55,00
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	41,77	5,00	46,77
UTE API MOVILIDAD, S.A.- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	40,54	5,00	45,54
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	36,75	5,00	41,75

LOTE 2 (ZONA CENTRO)			
LICITADORES	SOBRE"C"		PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	MELLORAS	
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	46,11	5,00	51,11
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,77	5,00	27,77
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	36,34	5,00	41,34
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	34,75	5,00	39,75



LOTE 2 (ZONA CENTRO)			
LICITADORES	SOBRE"C"		PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	MELLORAS	
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.-CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	32,19	5,00	37,19
UTE AUDECA, S.L.U.- NAROM-S.L.	50,00	5,00	55,00
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	40,96	5,00	45,96
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	37,07	5,00	42,07
UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.- XERMOLO, S.A.	32,99	5,00	37,99
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,60	5,00	23,60

LOTE 3 (ZONA SUR)			
LICITADORES	SOBRE"C"		PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	MELLORAS	
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	43,94	5,00	48,94
CIVIS GLOBAL, S.L.	50,00	5,00	55,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	24,42	5,00	29,42





LOTE 3 (ZONA SUR)			
LICITADORES	SOBRE "C"		PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	MELLORAS	
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	32,43	5,00	37,43
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	36,36	5,00	41,36
UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	34,48	5,00	39,48
UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.-CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	36,10	5,00	41,10
UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	36,19	5,00	41,19
UTE API MOVILIDAD, S.A.- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	34,24	5,00	39,24
UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	38,90	5,00	43,90
UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.- XERMOLO, S.A.	25,90	5,00	30,90

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra”, que queda da seguinte forma:



<b>LOTE 1 (ZONA NORTE)</b>				
<b>POSICIÓN</b>	<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN SOBRE "B"</b>	<b>PUNTUACIÓN SOBRE "C"</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	43,00	52,17	95,17
2	UTE AUDECA, S.L.U.- NAROM-S.L.	36,00	55,00	91,00
3	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	34,00	47,88	81,88
4	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	31,00	50,82	81,82
5	UTE API MOVILIDAD, S.A.- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	35,00	45,54	80,54
6	UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	30,00	46,77	76,77
7	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	31,00	44,95	75,95
8	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	45,00	30,92	75,92
9	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	43,00	32,32	75,32
10	ALVAC, S.A.	29,00	42,54	71,54
11	UTE EXTRACO CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A.- XERMOLO, S.A.	34,00	36,36	70,36
12	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS	27,00	41,75	68,75



<b>LOTE 1 (ZONA NORTE)</b>				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
	INTEGRALES, S.L.			
13	UTE OBRAS PAVIMENTOS INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	25,00	41,94	66,94
14	UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,00	31,14	58,14

<b>LOTE 2 (ZONA CENTRO)</b>				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE AUDECA, S.L.U.- NAROM-S.L.	34,00	55,00	89,00
2	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	43,00	41,34	84,34
3	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	31,00	51,11	82,11
4	UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	30,00	45,96	75,96
5	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y	45,00	27,77	72,77



<b>LOTE 2 (ZONA CENTRO)</b>				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
	RAMOS, S.L.U.			
6	UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.- XERMOLO, S.A.	34,00	37,99	71,99
7	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	27,00	42,07	69,07
8	UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	25,00	39,75	64,75
9	UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,00	37,19	64,19
10	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	25,00	23,60	48,60

<b>LOTE 3 (ZONA SUR)</b>				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	43,00	55,00	98,00
2	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	43,00	37,43	80,43



<b>LOTE 3 (ZONA SUR)</b>				
<b>POSICIÓN</b>	<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN SOBRE "B"</b>	<b>PUNTUACIÓN SOBRE "C"</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
3	ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	31,00	48,94	79,94
4	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	45,00	29,42	74,42
5	UTE API MOVILIDAD, S.A.- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	35,00	39,24	74,24
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	31,00	41,36	72,36
7	UTE ACCIONA MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	30,00	41,19	71,19
8	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS-ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	27,00	43,90	70,90
9	UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,00	41,10	68,10
10	UTE MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.- XERMOLO, S.A.	34,00	30,90	64,90
11	UTE OBRAS PAVIMENTOS INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.- AQUATERRA SERVICIOS	25,00	39,48	64,48



LOTE 3 (ZONA SUR)				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
	INFRAESTRUCTURAS, S.L.			

Resultando.- Que de conformidade coa clasificación aprobada e o funcionamento dos lotes establecido no PCAP, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra)" ás seguintes empresas:

LOTE	EMPRESA	IMPORTE	IVE	IMPORTE TOTAL
1	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	8.055.350,00 €	1.691.623,50 €	9.746.973,50 €
2	UTE AUDECA, S.L.U.- NAROM-S.L.	7.085.353,54 €	1.487.924,24 €	8.573.277,78 €
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	6.433.050,08 €	1.350.940,52 €	7.783.990,60 €

Á empresa CIVIS GLOBAL, S.L., é proposta como adxudicatario do lote 3 pois obtivo a máxima puntuación nos lotes 1 e 3, pero obtivo máis puntuación técnica no lote 3, polo que segundo os criterios de funcionamento dos lotes establecido no PCAP debe levarse o lote 3

Á UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L., é proposta como adxudicataria do lote 2 ó quedar clasificada como primeira nese lote.

A UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.-FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., é proposta como adxudicataria do lote 1 pois aínda que CIVIS GLOBAL e a primeira clasificada ó ser adxudicataria do lote 3, segundo as regras de funcionamento dos lotes habería que propoñer á segunda clasificada que é a UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM, S.L. Ó ser esta



proposta como adxudicataria do lote 2 habería que propoñer como adxudicataria do lote 1 á seguinte empresa que é a UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.-FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que as empresas propostas compren os criterios de clasificación establecidos no PCAP, polo que queda acreditada a súa solvencia económica financeira e técnica, constando no expediente igualmente as condicións de aptitude dos empresarios en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requiridas UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.-FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., UTE AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L e CIVIS GLOBAL, S.L., para que aportaran a documentación xustificativa a efectiva disposición dos medios pessoais que se comprometeron a adscribir á execución do contrato, estas aportaron a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva polos seguintes importes:

LOTE	EMPRESA	NÚMERO OPERACION	IMPORTE
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	202400170058	100.000,00 €
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	202400170056	101.383,75 €
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	202400170068	201.383,75 €
2	NAROM, S.L.	202400170076	177.133,84 €
2	AUDECA, S.L.	202400170085	177.133,84 €
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	202400170088	361.652,50 €

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser



cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

1. Excluír do procedemento a oferta presentada no lote número 2 (zona centro) pola empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., por non alcanzar na valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do sobre “B” a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22,50 puntos), de conformidade co establecido na cláusulas 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.
2. Excluír do procedemento as ofertas presentadas pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L., para o lote número 2, e da UTE. AUDECA, S.L.U.-NAROM-S.L., para o lote número 3, pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir os contratos.
3. Adxudicar o procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de





Pontevedra” as seguintes empresas, de acordo co que se detalla a continuación:

LOTE	EMPRESA	IMPORTE	IVE	IMPORTE TOTAL
1	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	8.055.350,00 €	1.691.623,50 €	9.746.973,50 €
2	UTE AUDECA, S.L.U.- NAROM-S.L.	7.085.353,54 €	1.487.924,24 €	8.573.277,78 €
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	6.433.050,08 €	1.350.940,52 €	7.783.990,60 €

A adjudicación dos lotes 1 e 2 queda condicionada a que as empresas integrantes das UTE aporten a escritura pública de formalización das mesma antes da formalización do contrato.

O prazo de execución será de CATRO (4) ANOS a contar dende a data de formalización.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

As obrigas derivadas deste contrato durante o exercicio de 2024 imputaranse á aplicación 24/456.4530.210.00 do vixente orzamento provincial, e as dos exercicios 2025, 2026, 2027 e 2028 a súa imputación queda condicionada á aprobación dos orzamentos correspondentes e á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as mesmas.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023001036.

3.8251.- **APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA ESTRADA PROVINCIAL EP-0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (CONCELLO DE PONTEVEDRA)” E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTE. 2024039042)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Lc0UVNS5dMF14Ts4xkBRUBEnZiqlMCM5SrGrdEqqRkt9JmybJ>

“Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo



respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “*Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)*”. Preténdese mellorar as condicións de seguridade e de mobilidade dos peóns, mediante o deseño dunha senda peonil adxacente á estrada EP-0002 que permita mellorar os desprazamentos dos peóns e ciclistas ou ben zonas de convivencia en aquelas zonas onde non exista ancho suficiente e a renovación da capa de rodaxe.

O orzamento das obras proxectadas é de un millón setecentos vinte e catro mil cincocentos dez euros con setenta e oito céntimos (1.724.510,78 €). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en dezanove mil oitocentos trinta e cinco euros con noventa e seis céntimos (19.835,96 €).

2. A Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra aprobou en sesión de 4 de xullo de 2023 un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 11 de decembro de 2023.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados fináncianse integramente polo Concello de Pontevedra.

### **Consideracións legais e técnicas.**

#### **1ª.- Lexislación aplicable.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).



- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de Seguridade e de Saúde nas obras de construción.

## 2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras - Código Seguro de Verificación CSV - DJMV12FW0KZHG2FH redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Óscar Catoira Daquinta.
  - No anexo 12 do antedito proxecto siñálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
  - Informe, de 15/09/2023, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
  - Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 15/09/2023 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
  - Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación e nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Pontevedra núm. 1, de 30 de xullo de 2024, referida unicamente á parcela catastral 36900A06410167 identificada como parcela núm. 12 no proxecto.
- Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.



O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que *“se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares”* (artigo 5.1).

### 3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que *“1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”*.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 15 de setembro de 2023 no que sinala que *“Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente de expropiación pola vía da urxencia, xa que se trata dun treito de importante afluencia de tránsito peonil polo que discorren os Camiños de Santiago Portugués e da Costa, e como non existen itinerarios peonís seguros os peóns camiñan pola calzada -entorno destinado á circulación de vehículos-*.

*Para eliminar esta zona perigosa existente na que os peóns camiñan pola calzada, vese necesario por seguridade viaria executar unha senda peonil que discorra pola marxe dereita*



*da estrada que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 27 parcelas de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados.*

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

*“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:*

- a) A declaración de utilidade pública.*
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.*
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.*
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.*
- e) A declaración da urxencia da ocupación.*

*2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.*

*3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.*

#### **4<sup>a</sup>.- Información pública – Prazo de exposición pública.**

O artigo 93 do TRRL dispón: *“A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.*



A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) *Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.*

b) *Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo ó planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:*

*1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.*

*2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.*

“2. *Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:*

*a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.*

*b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.*

*c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.*

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “*Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral,*



*todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”*

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

#### 5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).





De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considerase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

*“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.*

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

En data 13 de agosto de 2024 a Secretaría Xeral indica que o seu informe non resulta preceptivo, mentres que o Servizo de Intervención emite un informe favorable en data 30 de agosto de 2024, polo que o Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “*Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco-Tomezza-Figueirido (Concello de Pontevedra)*” cun orzamento de 1.724.510,78 € e 19.835,96 € en concepto de expropiacións.



**Segundo.-** Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

**Terceiro.-** Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

**Cuarto.-** Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

**Quinto.-** Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

**Anexo.-** Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIADA (m <sup>2</sup> )	BENS AFECTADOS
1	36900A06400257	82,45	
2	36900A06430452	46,70	
3	36900A06400452	37,53	37,53 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
4	36900A06400206	22,71	
5	36900A06400204	57,65	
6	36900A06400176	32,79	32,79 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
7	36900A06400175	18,41	18,41 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
8	36900A06400174	13,65	



PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIADA (m <sup>2</sup> )	BENS AFECTADOS
9	36900A06400171	28,44	28,44 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa de pedra.
10	36900A06400168	10,58	
11	36900A06410168	2,62	
12	36900A06410167	40,73	40,73 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa hidráulica.
13	36900A06410166	22,31	22,31 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
14	36900A06400165	8,09	8,09 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
15	36900A06400494	6,52	6,52 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa de pedra.
16	36900A06400149	11,82	11,82 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
17	36900A06400493	17,52	17,52 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
18	36900A06400147	29,53	29,53 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
19	36900A06400146	17,68	17,68 m <sup>2</sup> de Pavimento de formigón.
20	36900A06400145	20,74	20,74 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa cerámica. 20,74 m <sup>2</sup> de Soportal.
21	36900A06400141	29,86	29,86 m <sup>2</sup> de Murete de pedra granítica (h=1,00 m).
22	36900A06400139	33,27	33,27 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa cerámica.
23	36900A06600103	26,30	26,3 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa de pedra.
24	36900A06600102	8,00	8,00 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa de pedra.
25	36900A06600101	7,32	7,32 m <sup>2</sup> de Pavimento de baldosa de pedra.
26	36900A06600100	6,46	
27	36900A06600481	5,64	

4.8252.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA Á SOLICITUDE AO “MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE” PARA O IMPULSO DA LIÑA DE ALTA VELOCIDADE FERROVIARIA VIGO-OPORTO-LISBOA (EXPTE. 2024060197)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/751gOLwiSOB0odCm0lDJ40cbSaeMXdkqF8E3UttDI5ormaKt>

Visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 6 de setembro de 2024, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á solicitude ao “Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible” para o impulso da liña de alta velocidade ferroviaria Vigo-Oporto-Lisboa.

Dita Moción é como segue:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Provincial do PP de Pontevedra vén de presentar unha moción que respalda a Proposición non de Lei relativa ao impulso da liña de alta velocidade ferroviaria Vigo-Porto-Lisboa presentada no Congreso dos Deputados e asinada por todos os representantes galegos na Cámara alta para o seu debate na Comisión de Transportes y Movilidad Sostible.

O pasado 2 de xullo na localidade portuguesa de Valença do Minho foi subscrito un Manifesto para o impulso desta liña de alta velocidade, entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, co obxectivo de defender esta infraestrutura tan prioritaria e estratéxica para o desenvolvemento social e económico, tanto de Galicia, e principalmente da provincia de Pontevedra e da cidade de Vigo, como de Portugal.

Por parte da nosa comunidade adheríronse ao Manifesto as Confederacións de Empresarios de Galicia e das catro provincias, así como as Deputacións de Lugo, Ourense e esta mesma corporación provincial, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) Norte de Portugal, Río Miño e Chaves-Verín, as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña e os consellos sociais das tres universidades galegas, o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal e a Fundación de Centro de Estudos Eurorrexionais.



En representación portuguesa subscribíron o documento a Asociación Empresarial de Portugal (AEP), a Asociación de Desenvolvemento Rural Integrado da Lima, a Comunidade Intermunicipal do Cávado, as cámaras municipais de Valença, Chaves e Ponte da Lima, a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo.

No citado Manifesto todos expresan o apoio á conexión ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e Lisboa, tal e como fora aprobada previamente nos Cumios Ibéricos.

De acordo co desenvolvemento harmónico de ambos territorios, é preciso favorecer as sinerxías, as potencialidades e oportunidades co impulso dunhas redes de comunicación acordes cos tempos e non con trens obsoletos que tardan máis de 2 horas e media en facer o traxecto Vigo-Porto.

A riqueza compartida xera oportunidades e no que alcanza ás redes de comunicación resulta especialmente relevante esta perspectiva, dado que significa o aproveitamento completo dos territorios e dos seus capitais humanos. O potencial de uso e de rendibilidade da liña Galicia-Portugal, cos estreitos vínculos culturais existentes, constitúen un capital moi valioso para lograr avances significativos tanto a nivel económico como turístico para ambos territorios.

Xa desde fai máis de dez anos tanto os representantes da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como despois os sucesivos Cumios Ibéricos, recoñeceron a prioridade da conexión, que se reitera en cada encontro internacional. Pero estamos vendo que hai compromiso de todas as partes afectadas e potencialmente beneficiarias, pero non hai avances, principalmente por parte do Goberno de España.

Así, por exemplo, no último Cumio Ibérico, que tivo lugar en Lanzarote en marzo de 2023, os dous gobernos comprometéronse a "impulsar as actuacións de nova infraestrutura... en especial o Corredor Atlántico". O que deixa ben claro que a conexión en alta velocidade entre Vigo, Porto e Lisboa constitúe unha actuación prioritaria para ambos Estados.

Este mesmo compromiso foi renovado polo goberno portugués e o galego, o 23 de maio de 2024 en Lisboa, na reunión celebrada entre o presidente da



Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e o ministro de Infraestruturas e Habitaçao de Portugal, Miguel Pinto Luz. Neste encontro quedou fixado o ano 2032 como data de posta en servizo desta infraestrutura estratéxica.

Tamén no antedito Manifesto afírmase a necesidade de que estas conexións ferroviarias veñan acompañadas das necesarias disposicións orzamentarias e dun calendario realista para acometelas dentro dos prazos inicialmente comprometidos. De aí, a necesidade de poder contar cunha programación completa de actuacións, investimentos e fitos para o desenvolvemento da conexión Vigo-Porto a través de tren de alta velocidade.

Dado que a actual conexión, o denominado Tren Celta entre Porto e Vigo, rolda as dúas horas e media na duración do traxecto, é preciso que mentres a conexión do Eixo Atlántico non se materialice, se leven a cabo as actuacións para ofrecer este servizo en condicións adecuadas e non coas que conta actualmente, con trens moi obsoletos e cunhas prestacións de servizo que fai falta actualizar con urxencia.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDOS

1. Reclamar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que concrete unha programación completa das actuacións, investimentos orzamentarios e un calendario para o desenvolvemento da liña ferroviaria de alta velocidade Vigo-Porto-Lisboa.
2. Trasladarlle ao Goberno de España, tal e como se fixo en reiteradas ocasións nos Cumios Ibéricos, o potencial de uso e de rendibilidade da liña ferroviaria de alta velocidade Vigo-Porto-Lisboa como unha infraestrutura prioritaria e estratéxica en virtude da vertebración territorial e do desenvolvemento social e económico de España e de Portugal.
3. Solicitarlle ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a que acometa de maneira urxente, e mentres non se materialice a citada conexión de alta velocidade, as correspondentes actuacións de modernización, tanto no que atinxe ao material móbil como ás condicións de servizo, do



denominado Tren Celta, entre Porto e Vigo, para permitir que este traxecto sexa percorrido nun tempo máximo dunha hora.”

5.8253.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A MANTER O CANON DE SOGAMA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPTE. 2024060193)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Tqj2P0FJ3pdA4k0X1fMMbjwWDyodZB3SobSxvSJINbyGjAg>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a manter o canon de Sogama e outros acordos complementarios.

6.8254.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE DE XEITO INMEDIATO DEA EXPLICACIÓN SOBRE O CÚMULO DE IRREGULARIDADES RECOLLIDAS NO INFORME DO CONSELLO DE CONTAS SOBRE A CONCESIÓN DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO (EXPTE. 2024060196)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ZjJcgM3jbrLwNjX1KpLdBibDBUuYmt5Sm5G2uae3VDlXBkmY>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para instar á Xunta de Galicia a que de xeito inmediato dea explicación sobre o cúmulo de irregularidades recollidas no informe do Consello de Contas sobre a concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro”.



b) Parte de información e control:

7.8255.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN  
SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A  
PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE  
XULLO DE 2024 (EXPTE. 2024059632-2024053186)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/UJHbyCOCenJleue3v8JN0V6e0G7ICNcbjsJuqnp3dVVHfTTU>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xullo de 2024, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 7 de agosto de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei





Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xullo de 2024 que se expón a continuación:

### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XULLO 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xullo	7,8778392188	4.723.245,17	9,5073454922	1.844.450,94	<b>8,3354645911</b>
Escola de Enfermería	Xullo	15,3827283075	4.884,64	0,0000000000	0,00	<b>15,3827283075</b>
Consorcio de Incendios e Salvamento	Xullo	13,7201078956	44.020,32	0,0000000000	0,00	<b>13,7201078956</b>
Consorcio Deza Tabeirós	Xullo	11,5177502000	5.669,68	9,0000000000	4.611,73	<b>10,3884124798</b>
<b>TOTAL</b>			<b>4.777.819,81</b>		<b>1.849.062,67</b>	<b>8,3796126905</b>

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión extraordinaria do día 6 de setembro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto



635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

### 8.8256.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/fFcjY5caAtL7jbrgoWaTgyJo0D6kkm7FE7vSLIoUo2dQcP4>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucions Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de xullo de 2024.
- b) Relación de extractos de Resolucions do ORAL do mes de xullo de 2024.

### 9.8257.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aqYRc7TQZcZkQc97avLKQOIYT0FWzf9ZaEATdIp2c5N7vW3m>

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. ¿Non sei se hai algún rogo ou pregunta? Ten, María Manuela Rodríguez ten a palabra.

Sra. Rodríguez Pumar.- Ben, quero facer unha pregunta i un rogo, ambos teñen que ver coa estrada provincial EP-2302 de Gondomar a Morgadáns, e ao seu paso polo barrio de Lourido, en Chaín, unhas beirarrúas que están sen rematar, hai un tramo aproximadamente de 500 metros, que, por non estar feito ese cacho provoca inseguridade viaria para os peóns. A pregunta é: ¿por que non se dan rematado? E o segundo, rogo que, por favor, se rematen canto antes as mesmas. Vale.



Sr. Presidente.- Moitas grazas. Bueno, pois non habendo máis asuntos que tratar deste Pleno, damos por finalizada esta sesión e quedamos emprazados para o final de mes. Moitas grazas. Bo día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 13 de setembro de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno extraordinario 13-setembro-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - f2b8148fae17ecdabbb0ed5225cc1f697520e4c5ecae5099b101e58c2710e84abaa820b184df6263358dbc34ef6c61eac683056efa11a245aa7ea73e215952eb xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións.

O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=ZTUzYWI1ZGItdODYzMC00Zjc3LWE5YmMtZDVIN2E1NmJkZWNi>

- Minutaxe:

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor;  
Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez, María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Couselo Torres, María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz;

00:00:41 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 26 de xullo.



- 00:00:56 : 2. Adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación (Exptes. 2024059627-2024049145-2024018619-2023001036).
- 00:01:07 - Couselo Torres, María Isabel  
00:05:02 - López Diéguez, Luis  
00:05:11 - Mosquera Lorenzo, César  
00:07:35 - López Diéguez, Luis
- 00:08:02 : 3. Aprobación do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da estrada provincial EP-0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)” e do expediente de expropiación (Expte. 2024039042).
- 00:08:22 - Cubela López, Jorge  
00:09:48 - López Diéguez, Luis  
00:09:53 - Mosquera Lorenzo, César  
00:12:38 - López Diéguez, Luis  
00:12:44 - Agís Gómez, Gregorio Luís  
00:14:12 - López Diéguez, Luis  
00:14:19 - Cubela López, Jorge  
00:16:07 - López Diéguez, Luis  
00:16:12 - Mosquera Lorenzo, César  
00:17:09 - López Diéguez, Luis  
00:17:14 - Agís Gómez, Gregorio Luís  
00:18:36 - López Diéguez, Luis  
00:18:40 - Cubela López, Jorge  
00:19:47 - López Diéguez, Luis
- 00:20:12 : 4. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa á solicitude ao “Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible” para o impulso da liña de alta velocidade ferroviaria Vigo-Oporto-Lisboa (Expte. 2024060197).
- 00:20:29 - Cubela López, Jorge  
00:24:30 - López Diéguez, Luis  
00:24:33 - Mosquera Lorenzo, César  
00:25:56 - López Diéguez, Luis  
00:26:01 - Gómez Díaz, Gorka  
00:30:43 - López Diéguez, Luis  
00:30:47 - Cubela López, Jorge  
00:33:02 - López Diéguez, Luis  
00:33:07 - Gómez Díaz, Gorka  
00:36:02 - López Diéguez, Luis  
00:36:07 - Cubela López, Jorge  
00:38:01 - López Diéguez, Luis
- 00:38:31 : 5. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a manter o canon de Sogama e outros acordos complementarios (Expte. 2024060193).
- 00:38:45 - Ferreira González, Paco  
00:43:44 - López Diéguez, Luis  
00:43:52 - Mosquera Lorenzo, César  
00:48:55 - López Diéguez, Luis



- 00:49:01 - Cubela López, Jorge  
00:54:05 - Cubela López, Jorge  
00:54:20 - López Diéguez, Luis  
00:54:33 - Ferreira González, Paco  
00:57:35 - Ferreira González, Paco  
00:57:41 - López Diéguez, Luis  
00:57:44 - Mosquera Lorenzo, César  
01:00:58 - López Diéguez, Luis  
01:01:05 - Cubela López, Jorge  
01:04:04 - López Diéguez, Luis  
01:04:10 - López Diéguez, Luis  
01:04:14 - Ferreira González, Paco  
01:06:14 - López Diéguez, Luis
- 01:08:57 : 6. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para instar á Xunta de Galicia a que de xeito inmediato dea explicación sobre o cúmulo de irregularidades recollidas no informe do Consello de Contas sobre a concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro (Expte. 2024060196).
- 01:09:23 - Iglesias González, Ana Laura  
01:14:24 - López Diéguez, Luis  
01:14:28 - Iglesias González, Ana Laura  
01:14:40 - López Diéguez, Luis  
01:14:51 - Mosquera Lorenzo, César  
01:15:48 - López Diéguez, Luis  
01:15:54 - Sánchez Méndez, Luisa  
01:20:52 - López Diéguez, Luis  
01:20:58 - Iglesias González, Ana Laura  
01:23:58 - López Diéguez, Luis  
01:24:09 - López Diéguez, Luis  
01:24:17 - Sánchez Méndez, Luisa  
01:25:50 - López Diéguez, Luis  
01:25:57 - Iglesias González, Ana Laura  
01:27:59 - López Diéguez, Luis
- 01:28:31 : 7. Dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2024 (Expte. 2024059632-2024053186).
- 01:28:39 : 8. Dar conta das Resolucións Presidenciais.
- 01:28:43 : 9. Rogos e preguntas.  
01:28:52 - Rodríguez Pumar, María Manuela  
01:29:15 - Rodríguez Pumar, María Manuela  
01:29:18 - Rodríguez Pumar, María Manuela  
01:29:22 - López Diéguez, Luis  
01:29:59 : [FIN]

-- o --

